

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



1. De conformidade coa lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, no consentimento por substitución, no caso dos familiares, darase preferencia, no caso de que exista:

- A) Ao cónxuxe ou, no seu caso, a quen teña a condición legal de parella de feito.
- B) Aos proxenitores.
- C) Aos descendentes maiores de idade.
- D) Aos familiares de primeiro grao por consanguinidade.

2. Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, sinala cal NON é un dos principios da acción preventiva:

- A) Evitar os riscos.
- B) Combater os riscos na súa orixe.
- C) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- D) Dar as debidas instrucións aos traballadores.

3. Segundo o Estatuto Marco, cal das seguintes faltas disciplinarias é grave?

- A) O abuso de autoridade no exercicio das súas funcións.
- B) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades, cando supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade.
- C) A esixencia de calquera tipo de compensación polos servizos prestados aos usuarios dos servizos de saúde.
- D) O descoido no cumprimento das disposicións expresas sobre seguridade e saúde.

4. Sinala a opción correcta. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, establece que:

- A) A prestación do consentimento informado é un dereito do paciente e a súa obtención un deber do médico.
- B) As follas de consentimento informado conservaranse ata que transcorran cinco anos desde a última asistencia prestada ao paciente.
- C) A historia clínica é un documento confidencial propiedade do paciente que custodia a Administración.
- D) O persoal de administración e xestión dos centros sanitarios pode acceder a todos os datos contidos na historia clínica do paciente.

5. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, conforman o Sistema Público de Saúde de Galicia os principios reitores, entre outros:

- A) A participación e implicación de profesionais no sistema sanitario.
- B) A coordinación dos recursos sanitarios, sociosanitarios e de saúde laboral.
- C) A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

6. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, quen elixe e quen nomea ao Presidente da Xunta?

- A) É elixido polo pobo galego e nomeado polo Rei.
- B) É elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros e nomeado polo Rei.
- C) É elixido e nomeado polo Rey.
- D) É elixido polo pobo galego e nomeado polo Parlamento Galego por maioría.

**7. Conforme ao Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, as faltas disciplinarias prescribirán:**

- A) Aos catro anos as faltas moi graves, aos dous anos as graves e aos seis meses as que correspondan a faltas leves.
- B) Aos tres anos as faltas moi graves, aos dous anos as graves e aos seis meses as que correspondan a faltas leves.
- C) Aos catro anos as faltas moi graves, aos dous anos as graves e aos nove meses as que correspondan a faltas leves.
- D) Aos tres anos as faltas moi graves, aos dous anos as faltas graves e aos nove meses as que correspondan a faltas leves.

**8. Calquera cidadán poderá solicitar en vía xudicial a tutela das liberdades e dereitos recoñecidos no artigo 14 e a Sección primeira do Capítulo 2º (Título I) da Constitución por un procedemento baseado nos principios de:**

- A) Procedencia e executividade.
- B) Preferencia e sumariedade.
- C) Celeridade e equidade.
- D) Predeterminación e imparcialidade.

**9. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, o control sanitario da contaminación atmosférica, abastecemento de augas, saneamento de augas residuais, residuos urbanos e industriais, é unha competencia:**

- A) Do Estado.
- B) Das Comunidades Autónomas.
- C) Das Diputacións Provinciais.
- D) Dos Concellos.

**10. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, indique a opción correcta. A provisión das prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde rexerase polos seguintes principios básicos, entre outros:**

- A) Igualdade, mérito e capacidade.
- B) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
- C) Igualdade, mérito, capacidade e equidade.
- D) Igualdade, mérito, capacidade, equidade e publicidade.

Preguntas de reserva

1. Segundo o Decreto-Legislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, enténdese a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos:

- A) Quince puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
- B) Vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
- C) Vinte e cinco puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
- D) Trinta puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

2. Segundo o Estatuto de autonomía de Galicia, cal das seguintes NON constitúe unha función do Parlamento de Galicia?

- A) Exercer a potestade regulamentaria e a función executiva da Comunidade Autónoma.
- B) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais aos Senadores representantes da Comunidade Autónoma Galega, de acordo co previsto no artigo sesenta e nove, apartado cinco, da Constitución.
- C) Solicitar do Goberno a adopción de proxectos de lei e presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de Lei.
- D) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade e acudir ante o Tribunal Constitucional nos supostos e nos termos previstos na Constitución e na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional.

